

AVISO FITOSANITARIO CONTROL CARPÓFEGOS CASTAÑA. CURVAS VOO

Os tortricido carpófagos *Pammene fasciana* e *Cydia splendana* causan importantes danos nas colleitas de castaña. As larvas destes insectos entran no ourizo cando aínda está en desenvolvemento alimentándose do interior da castaña.

Cydia splendana

Os adultos emerxen entre xullo e setembro e tras o apareamento as femias poñen os ovos na cara superior das follas próximas a base dos ourizos. Tras a eclosión as larvas penetran no froito alimentándose e deixando gran cantidade de excremento no seu interior. O rematar o seu desenvolvemento, o cabo dunhas 3 semanas, as larvas caen ao chan onde elaboran un casulo sedoso no que pasan o inverno. No mes de xullo crisalidan para alcanzar o estado adulto no verán.

***Pammene fasciana* (Tortricido precoz da castaña)**

Os adultos emerxen entre os meses de xuño e xullo, tras o apareamento as femias poñen os ovos nas follas próximas a base dos ourizos. Tras a eclosión as larvas comezan alimentándose da folla para despois penetrar no froito e alimentarse de este barrenando o seu interior e expulsando os excrementos para fora. A larva vai cambiando de froito para asegurar o seu crecemento. O rematar o seu crecemento as larvas diríxense ata o tronco ou as ramas onde elaboran un casulo que pasan o inverno. Na primavera seguinte crisalidan para alcanzar o estado adulto.

ESTUDO DO CONTROL DE *CYDIA SPLENDANA* CON TRAMPAS DE FEROMONAS SEXUAIS

Durante o mes de xullo colocáronse en colaboración con diferentes asociacións de produtores de castaña de Galicia, trampas con feromonas sexuais para a captura e seguimento de adultos.

Periodicamente estase a revisar o número de individuos que caen en cada trampa para poder crear unha curva de voo que permita un mellor coñecemento do ciclo da especie.

Ademais vaise realizar un estudio en dúas de estas parcelas de castaño nos concellos **de Antas de Ulla (Lugo)** e **Ríos (Ourense)** para coñecer a eficacia de estas trampas de feromonas.

O estudio consiste na recollida de 100 castañas de cada un dos castiñeiros nos que se colocaron as trampas de feromonas sexuais e de outras 100 castaña noutro castiñeiro alonxado a lo menos 100 m. das trampas. Estes froitos manteranse durante un mes en embudes para contabilizar o número de larvas que emerxen. Posteriormente examínanse estas castañas para estudar o número de orificios de emerxencia, a cantidade de larvas sen emerxer e os restos da súa actividade.



Tamén se estudiará como afecta a produtividade dos castiñeiros a captura de *Cydia splendana*.

DATOS DAS PARCELAS CON COLOCACIÓ DAS TRAMPAS TRIANGULARES CON FEROMONAS SEXUAIS DE *CYDIA SPLENDANA* E *PAMMENE FASCIANA*. (COLOCACION FINAIS DO MES DE XUÑO).

PARCELA REDE AVISOS	PROVINCIA	CONCELLO	ASOCIACIÓN
GA_CS_69	OURENSE	Nogueira de Ramuín	Sofragal Sociedad Cooperativa Galega
GA_CS_70	OURENSE	Parada de Sil	Asociación de propietarios de Souto Parada do Sil
GA_CS_71	OURENSE	O Bolo	Asociación de Veciños de Tuxe
GA_CS_73	OURENSE	Viana do Bolo	Asociación de propietarios de Soutos de Viana do Bolo
GA_CS_74	OURENSE	Riós	Asociación de produtores Conxo-Frieiras
GA_CS_75	OURENSE	Monterrei	Concello de Monterrei
GA_CS_67	LUGO	Antas de Ulla	Soutos Sativa
GA_CS_68	LUGO	Folgozo do Courel	Asociación Soutos de Doutrolado
GA_CS_72	LUGO	Cervantes	Asociación de Propietarios Privados e Comunales de Castaños dos Ancares

DATOS DAS PARCELAS ONDE A MAIORES SE REALIZA A RECOLIDA DE 100 CASTAÑAS PARA VER A EMERXENCIA DE TORTRÍCIDOS.


DATOS COLOCACIÓN TRAMPAS CON FEROMONAS DE <i>CYDIAS</i> E <i>PAMMENE</i>							
PROVINCIA	CONCELLO	ASOCIACION	PARCELA REDE DE DANOS	DATA COLOCACION TRAMPAS TRIANGULARES	FEROMONAS	X	Y
OURENSE	Riós	Asociación de produtores Conxo-Frieiras	GA_CS_74	30/06/2022	Cydia Splendana/ Pammene Fasciana (C/P)	643.949,99	4.645.997,61
LUGO	Antas de Ulla	Soutos Sativa	GA_CS_67	30/06/2022	Cydia Splendana/ Pammene Fasciana (C/P)	591.839,21	4.737.441,14



DATOS REVISIÓNS DAS TRAMPAS DE *CYDIA SPLENDANA*

Cod_parcela Rede Avisos_Cydias (30/06)	REV1 (15/7)	REV2 (05/08)	REV3 (19/08)	REV4 (10/09)	REV5 (30/09)
GA_CS_69	0	4	15	12	3
GA_CS_70	9	18	25	3	3
GA_CS_71	9	10	21	6	6
GA_CS_73	16	15	42	2	6
GA_CS_74	20	40	75	17	9
GA_CS_75	22	44	76	10	20
GA_CS_67	0	7	9	1	1
GA_CS_68	23	35	47	6	1
GA_CS_72	0	2	3	0	0

GRÁFICA CURVA VOO CAPTURAS TRAMPAS DE *CYDIA SPLENDANA*





DATOS REVISIÓNS DAS TRAMPAS DE *PAMMENE FASCIANA*

Cod_parcela Rede Avisos_Pammene (30/06)	REV1 (15/7)	REV2 (05/08)	REV3 (19/08)	REV4 (10/09)	REV5 (30/09)
GA_CS_69	16	54	78	3	0
GA_CS_70	25	62	75	3	4
GA_CS_71	12	85	107	4	5
GA_CS_73	25	62	65	4	7
GA_CS_74	27	81	106	29	36
GA_CS_75	20	62	80	13	7
GA_CS_67	24	67	94	0	0
GA_CS_68	28	62	82	4	2
GA_CS_72	19	32	57	0	0

GRÁFICA CURVA VOO CAPTURAS TRAMPAS DE *PAMMENE FASCIANA*

